



Asunto: *Reparto do orzamento 2014 da Biblioteca Universitaria (fondos bibliográficos)*

Na súa reunión do 8 de maio de 2014 a Comisión Xeral da Biblioteca Universitaria procedeu ao reparto ás Áreas de Coñecemento dos fondos orzamentarios do Programa “**Biblioteca Universitaria**” destinados á adquisición de bibliografía con fins docentes e de investigación no ano 2014.

Para isto, a distribución entre as Áreas fíxose en función dos seguintes criterios e de acordo cos **datos facilitados pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado**:

- a. O 30% distribúese entre as áreas de cada campus, en forma de cantidade fixa e cunha ponderación de áreas experimentais e non experimentais de 1-2, coa finalidade de que todas as áreas dispoñan dunha cantidade básica para a adquisición de bibliografía docente e de investigación.
- b. Dentro de cada campus, o 70% restante distribúese proporcionalmente ao número de profesores por área e adicación (parcial 0,5 e total 1,5)

En función destes criterios, as cantidades resultantes para as Áreas que corresponden ao seu Departamento son as que se indican no documento anexo.

De acordo coas cantidades especificadas e con cargo a este concepto, o profesorado poderá solicitar a compra da bibliografía á Biblioteca Central do campus ao que estea adscrito, empregando o formulario existente na web da Biblioteca (“Solicitar novas adquisicións”) **antes do 30 de setembro de 2014**.

Pregamos traslade esta información a todo o profesorado do seu Departamento. Para calquera outra aclaración poden poñerse en contacto coa Xefa da Sección de Adquisicións da Biblioteca Universitaria (xsadqui@uvigo.es).

Vigo, 12 de maio de 2014
O Director da Biblioteca Universitaria

Gerardo Marraud González

SRES./SRAS. DIRECTORES/AS DE DEPARTAMENTO. UNIVERSIDADE DE VIGO